

## NORMATIVA DE XESTIÓN DE RECURSOS LIBERADOS DISPOÑIBLES NOS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

### PREÁMBULO

A presente normativa ten por obxecto substituír á “Normativa de Xestión de Recursos Liberados Dispoñibles nos proxectos do Programa Horizonte 2020” aprobado en Consello de Goberno o 23/01/2015.

Por unha banda, o programa Horizonte 2020 (H2020) foi substituído polo programa Horizonte Europa (HE), en vigor dende o 01/01/2021, sen prexuízo de que aínda haxa proxectos en vigor do anterior programa.

Por outra banda, cada vez máis programas europeos, e tamén nacionais e/ou autonómicos, de financiamento da investigación están a utilizar o sistema de Custos Totais, principal motivo que orixinou a creación da normativa anterior.

Por último, a entrada en vigor da L.O. 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e da Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, xunto ao Plan Estratéxico da Universidade de Vigo (UVIGO) aprobado polo Claustro o 16 de decembro de 2020, polo Consello de Goberno o 21 de decembro de 2020 e polo Consello Social o 23 de decembro de 2020, que confirma a aposta da UVIGO pola internacionalización e calidade investigadora, fai necesario un novo enfoque na xestión deste tipo de recursos.

A Conferencia de Rectores das Universidades Españolas define os RLD's do seguinte xeito: “Una adecuada gestión de recursos durante la duración del proyecto puede generar una diferencia positiva entre la financiación recibida para el proyecto y los gastos generados durante su ejecución. Dicha cantidad la denominaremos recursos liberados disponibles (RLD's). Dentro de su libertad de acción y de las limitaciones legales, cada institución puede definir el uso de esos RLD's”

A motivación principal de permitir a disposición dos RLD ao equipo investigador é constituir un incentivo para a participación de investigadores en Proxectos europeos dada a enorme dificultade e complexidade destes Proxectos e o indubidable interese deste tipo de Proxectos para o prestixio da institución e a consecución de indicadores que sitúen á Universidade de Vigo en posicións competitivas no escenario nacional e internacional.

Cómpre, xa que logo, actualizar a normativa reguladora dos RLD de tal xeito que aqueles non retidos podan utilizarse polos investigadores para continuar coa súa labor investigadora, o que debe ser compatible coa dispoñibilidade material de recursos orzamentarios suficientes de xeito que non afecte á xestión ordinaria dos fondos necesarios para o funcionamento axeitado da Universidade de Vigo.

## TITULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

### Artigo 1.- Obxecto

A presente normativa ten por obxecto regular os procedementos de xestión dos chamados “Recursos Liberados Dispoñibles (RLDs)”, xerados nas convocatorias de proxectos de I+D+i.

### Artigo 2. – Ámbito de aplicación

A presente normativa aplicarase a aqueles programas de financiamento da I+D+i susceptibles de xerar RLDs. Maioritariamente serán aqueles programas que seguen unha metodoloxía de custos totais, cunha porcentaxe de financiamento elevado, como por exemplo:

- O programa Horizonte Europa (HE)
- Os programas de Cooperación Territorial (POCTEP, Espazo Atlántico, SUDOE)
- O programa LIFE
- O Fondo Europeo de Defensa
- O Fondo Europeo marítimo, de pesca e de acuicultura
- Outros programas de I+D+i de semellantes características

## TITULO II. DISPOSICIÓN XERAIS E PROCEDEMENTO

### Artigo 3. -Concepto e Cálculo dos RLDs

3.1. Concepto: enténdese como RLDs a “diferenza positiva entre o financiamento recibido para o proxecto e os gastos xerados durante a súa execución, sen prexuízo da fonte que anticipate o seu financiamento”. , esta diferenza positiva prodúcese a efectos de gasto adicional, e non de custo, polo que non cabe reintegro algún.

3.2. Cálculo: Para o cálculo dos RLDs é preciso coñecer o importe da subvención e o importe dos gastos necesarios para a execución do proxecto en cuestión, incluíndo nestes gastos os custos indirectos. Polo tanto, a fórmula para o cálculo dos RLDs será a seguinte:

$$\text{RLDs} = \text{Subvención} - \text{Gastos execución} - \text{Custos Indirectos}$$

3.3 Custos indirectos: os custos indirectos a aplicar serán aqueles fixados e financiados inicialmente pola convocatoria en cuestión. Como exemplo, no programa HE, salvo casos particulares, os custos indirectos calcúlanse como o 25% dos custos directos excluída a subcontratación.

As cantidades xeradas en concepto de custos indirectos, destinaranse ao orzamento xeral da Universidade de Vigo. Na planificación orzamentaria anual o fondo de continxencia dotarase alomenos cunha contía igual ao 5% da previsión de ingresos por custes indirectos co fin de facer fronte á imprevistos xerados polo ámbito de I+D+i, ou de se-lo caso, realizar a xeración de crédito que corresponda.

As porcentaxes mencionadas nos apartados anteriores poderán actualizarse nos orzamentos anuais da universidade.

#### **Artigo 4.- Uso dos RLDs**

Os RLDs serán empregados para cubrir os custos non elixibles dos proxectos pero que sexan necesarios para o seu desenvolvemento (amortizacións parciais de inventariables, mensaxeiros, custos rexeitados polas auditorías, notas internas de cargo, etc.).

Da cantidade restante, o 75% quedará á disposición do persoal investigador do proxecto e o 25% restante será retido pola UVIGO. O/A investigador/a principal do proxecto será o/a responsable de definir o destino dos fondos asignados ao equipo investigador. Así, poden imputarse co cargo a estes fondos, tendo en conta o disposto no artigo 5, os seguintes gastos :

- Material funxible, incluíndo material informático e de oficina
- Material inventariable
- Contratación de persoal
- Desprazamentos e indemnizacións por razón de servizo
- Custos de reparacións e mantemento de equipos e instalacións
- Servizos dos Centros de Apoio á Investigación da Universidade de Vigo
- Contratación de servizos externos
- Inscricións a congresos e cursos, traducións, material promocional
- Outros gastos de execución

Non poderán financiarse bolsas con cargo a estes fondos.

O/a investigador/a principal do proxecto pode solicitar a dotación a unha ou varias Accións Estratéxicas de Investigación (AEIs) vixentes, quedando suxeito á normativa correspondente que regula esta ferramenta, e de acordo co establecido no artigo 5.

Adicionalmente, e de acordo á interpretación da CRUE no seu Cuaderno Técnico sobre Xestión de Custos Totais no Sétimo Programa Marco, publicado en 2008 e revisado por CET Auditores S.L, poderán imputarse con cargo aos fondos asignados ao equipo investigador retribucións persoais ao profesorado implicado no proxecto. Estes pagamentos terán como límite o indicado no Real Decreto de retribución do profesorado ou normativa correspondente.

En todos os casos, deberase ter en conta a normativa vixente da UVIGO e os procedementos de tramitación que correspondan.

#### **Artigo 5.- Cronograma de utilización dos RLDs**

Os RLD postos a disposición do equipo investigador poderán utilizarse durante o período de execución do proxecto, coa excepción daqueles incorporados ás AEIs, que contarán cun prazo de execución de acordo á normativa que as regule.

Como regra xeral, os RLDs deben tanto utilizarse como incorporarse ás AEIs unha vez que o prazo de execución se tivese finalizado e fose aceptada explícitamente a última xustificación pola entidade financiadora e consten ingresadas as cantidades na conta da Universidade.

Malia o anterior, durante o prazo de execución do proxecto e ata un máximo do 50% dos RLD xerados, poderá anticiparse a súa utilización pola Vicerreitoría con competencias en Investigación previo informe favorable da unidade encargada da xustificación e o visto e bo da xerencia, no seguinte caso:

- Que tralas comprobacións económico-financeiras intermedias aceptadas polo organismo financiador se tivesen ingresados os fondos na conta da Universidade de Vigo, e previa a xustificación da necesidade do seu uso.

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **Primeira**

Facúltase ao Reitor/a, ou a persoa en quen delegue, e á Xerente, no ámbito das súas competencias, para ditar as instrucións precisas para a execución e desenvolvemento da presente Normativa

### **Segunda**

O presente protocolo queda suxeito a normativa xeral e principios reguladores dos Orzamentos da Universidade de Vigo.

## **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derrogada a Normativa de Xestión de Recursos Liberados Dispoñibles nos proxectos do Programa Horizonte 2020” aprobado en Consello de Goberno o 23/01/2015, así como cantas disposición se opoñan ao establecido na presente disposición.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Normativa entrará en vigor o día seguinte da publicación da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.